

II Concurso de Pintura Pinta Tui

Bases do II Concurso de Pintura ao Aire Libre “Pinta Tui”

O Concello de Tui convoca a 2ª edición do Concurso de pintura “**Pinta Tui**” que se celebrará o domingo, 8 de outubro de 2017, nas rúas da cidade coa intención de promover e achegar a arte e a cultura aos visitantes e incentivar a dinamización da oferta turística e as actividades no concello. Nesta iniciativa colabora a ACITUI, A Asociación de Comerciantes e Industriais de Tui.

BASES:

Primeira: Neste concurso poderán participar todos os artistas nacionais i estranxeiros que o desexen maiores de 18 anos. Asemade haberá un concurso con premios para menores de 18 anos

Segunda: O estilo e a técnica serán óleo, acrílico, acuarela, sanguina, carbonciño, tintas ou ceras sobre lenzo. O artista virá provisto de todo o material necesario para a execución da súa obra.

Terceira: O tema será calquera paisaxe ou motivo relacionado co Concello de Tui e necesariamente as obras deberán ser pintadas en directo “in situ”.

Cuarta: O soporte pode ser variado cun tamaño mínimo de 40 cm. e un máximo de 120 cm. en calquera dos seus lados e de superficie lisa. Permitiranse no soporte imprimacións de cor coma fondo, pero non se admitirán esquemas, debuxos ou calquera sinal sobre eles previo ao traballo. (As obras non se poderán asinar ata despois do fallo do xurado).

Os soportes serán selados pola organización dende as 10,00 h ata as 11,00 h do domingo 8 de outubro no interior da Oficina Municipal de Turismo na Praza de San Fernando, antes de comezar a traballar con eles. O certame iniciarase a partir das 11,00 horas.

Quinta: O xurado estará formado por persoas relacionadas con mundo da arte que serán seleccionadas polo Concello de Tui. A decisión do xurado será inapelable. O xurado queda facultado para resolver calquera outro aspecto non previsto nestas bases.

Sexta: As inscricións son gratuítas e realizaranse dende o mércores, 20 de setembro, ata o sábado, 7 de outubro, por correo electrónico en turismo@concellotui.org, no correo de ACITUI acitui@acitui.es ou na propia Oficina Municipal de Turismo de Tui, facilitando a seguinte información:

1. Nome e apelidos, DNI, enderezo, correo, e teléfono de contacto
2. Documento no que se exprese o coñecemento e a aceptación das bases



II Concurso de Pintura Pinta Tui

No mesmo día do certame, confirmarase a inscrición e levarase a cabo o selado dos soportes.

Sétima: As obras rematadas recolleranse durante o domingo, 8 de outubro, antes das 19,00 horas na Oficina Municipal de Turismo na Praza de San Fernando. As obras irán sen sinatura e presentarase unicamente unha obra por participante. O xurado deliberará ata as 20,00 h., momento no que se procederá a entrega dos premios. O acto de entrega dos premios farase na Oficina Municipal de Turismo, trala deliberación do xurado que se fará a porta pechada.

Octava: Outorgaranse varios premios para os maiores de 18 anos:

1º premio: Premio de 300 € , dos que 200 € serán en material de pintura e 100 € en metálico e a posibilidade de expoñer a obra nunha sala de exposicións do Concello de Tui.

2º premio: Premio de 150 €, dos que 100 € serán en material de pintura e 50€ en metálico e a posibilidade de expoñer a obra nunha sala de exposicións do Concello de Tui.

3º Premio: Premio de 75 €, dos que 50 € serán en material de pintura e 25 € en metálico, coa posibilidade de expoñer a obra nunha sala de exposicións do Concello de Tui.

4. Mencións especiais que recibirán un agasallo ou trofeo

Novena: Establécense os seguintes premios para os menores de 18 anos:

1º premio: 100 € en material de pintura.

2º premio: 50 € en material de pintura.

3º premio: 25 € en material de pintura.